

Convocatoria da Comisión Informativa de Políticas Sociais para o día 19 de xuño de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Políticas Sociais debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo da convocatoria da FEMP a unha concentración de todos os representantes locais para o mércores, 18 de xuño, en Madrid, que coincide coa data da dita comisión informativa, é necesario trasladar a realización da dita comisión ao xoves, 19 de xuño de 2025, ás 17.30 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de xuño de 2025**, ás 17.30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/34L/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2025.

2. 2025/16757D PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa ao reforzo de efectivos da Garda Civil na provincia de Ourense.

3. 2025/16811V PRESIDENCIA

Moción do BNG para a recuperación da unidade de COVID persistente.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.